

1 Completa a información sobre os tipos de estrofas.

- a) Unpareado..... é unha estrofa dedous..... versos que riman entre si.
- b) Un terceto é unha estrofa de tres versos de artemaior..... con rimaconsonante.....
O seu esquema é ABA.....
- c) Ocuarteto..... está formado por catro versos de arte maior con rimaconsonante.....
O seu esquema é ABBA.....

2 Escribe en cada debuxo o número da definición que lle corresponda e despois engade outra definición máis para a palabra. *Resposta modelo.*

2



1



b

bico s.m. **1** Boca das aves. **2** Demostración de afecto, amor, amizade, respecto ou reverencia que se fai tocando algo ou alguén cos labios pechados.

c

d

e

f

3 Parte máis alta dunha cousa que, polo xeral, remata en punta.....

3 Completa as oracións con preposicións diferentes. Lembra que algunhas preposicións contraen cos artigos e cos demostrativos.

-Para..... ser un bo médico tes que estudar moito e traballar duro.
- Deixáronme ircon..... Afonso dar un paseopola..... aldea.
- Meu pai sempre ten que timbrar porque saeda..... casasen..... as chaves.

4 Subliña as conxuncións que aparecen no texto e despois clasifícaa.

Ana, Xandra e mais eu queríamos cruzar a ferverza situada ao final da poza. Non obstante, dubidabamos: ao cruzala atoparíamos a cova que buscabamos ou non? Porén, decidímonos rapidamente e atravesámola. Ao facelo, empapámonos, pero nin Xandra, nin Ana, nin eu agardabamos atopar un lugar tan belo e misterioso. Desde dentro chegábanos un estraño ruído...

- Copulativas ► e, mais, e, nin.
- Disxuntivas ► ou.
- Adversativas ► non obstante, pero, porén.

- 5 Completa o seguinte plan de traballo para preparar o festival de fin de curso. *Resposta modelo.*

PLAN DE TRABALLO: FESTIVAL FIN DE CURSO			
TAREFA	PERSOAS ENCARGADAS	MATERIAIS	TEMPO
Organización de xogos	Alumnos de 6.º A	Papel, lapis e cores	Unha semana
Preparar carteis e música	Delegados de 6.º A e de 6.º B	Cartolinas, fitas, cores	Catro días
Decoración do salón de actos	Subdelegados de 6.º	Mesas e cadeiras	Último día
Recital de poesía	Alumnos de 6.º B	Ordenadores e folios	Dúas últimas semanas antes do festival

- 6 Explica por que estas palabras teñen entradas diferentes no dicionario.



polo¹ Contracción da proposición *por* coa segunda forma do artigo: *lo, la, los, las*.

polo² *s.f.* Cría dunha ave, en particular a da galiña.

polo³ *s.m.* Cada un dos dous extremos do eixe imaxinario de rotación da Terra.

P

Resposta modelo. Teñen entradas diferentes porque son homónimas homógrafas: é dicir, que se pronuncian e se escriben igual pero teñen significados distintos.

- 7 Completa as palabras con *g*, *gu* ou *gü*.

portu *gu* és

se *gu* inte

ver *g* onza

g ar *g* allada

g aiteiro

pira *gü* iña

anti *gü* idade

se *g* uridade

re *gu* eiro

pluriling *gü* e

gu indastre

un *gü* ento

- 8 Elixe un destes versos e continúaos para formar un terceto. *Resposta modelo.*

Camiñando o escaravello vai

Un lóstrego atravesa o limpo ceo

O cheiro forte a castañas e bosque

Un lóstrego atravesa o limpo ceo,
de súpeto aparece a claridade,
que chega coma un suave balanceo.

Nome: Data: Curso:

- 1 Escribe dúas oracións con estas palabras polisémicas nas que se exemplifiquen os seus significados.
Resposta modelo.

compás 1 *Hoxe na clase de debuxo trazamos circunferencias co compás.*

2 *Temos que levar o compás da música para que saia ben o baile.*

banco 1 *Meu pai foi ao banco para abrirme unha conta de aforros.*

2 *Colocaron un banco moi bonito no parque do meu barrio.*

- 2 Relaciona as seguintes definicións coas palabras polisémicas da dereita.

Liña ou feixe de luz que desprende un corpo luminoso.

Cada un dos ósos que unen as pernas das persoas ao tronco.


Asento individual con respaldo, provisto ou non de brazos.

Liña recta que sae do centro dun círculo e chega ata o seu extremo.


raio

cadeira

- 3 Escribe os nomes destes debuxos e rodea as palabras homónimas homófonas.



ravo



queixo



queixo



rabo

- 4 Completa a definición destas palabras homónimas homógrafas. Fíxate nos debuxos.



peto¹ s.m. Recipiente cunha fenda pequena e estreita
que serve para gardar moedas e billetes.

peto² s.m. Parte de certas pezas de roupa que cobre
o peito.



Nome: Data: Curso:

- 1 Completa a táboa coas preposicións, as conxuncións e as interxeccións deste texto.

Ai! Levo sen saír da casa desde o luns, non me atopo ben. Todo me pasa a min, caramba! O domingo foi o meu aniversario e comín moitas patacas... Vaia! seguramente sentáronme mal. Pero coido que mañá xa estarei bastante mellor. O peor de todo é que non puiden facer o exame de Matemáticas nin o de Lingua. Non obstante, son optimista e dígo-me a min mesma: "Ánimo!"

Preposicións	Conxuncións	Interxeccións
sen	e	Ai!
de	Pero	caramba!
desde	nin	Vaia!
a	Non obstante	Ánimo!

- 2 Imaxina o que lle está dicindo o pai á nena do debuxo e escribe tres oracións nas que utilices preposicións.



Resposta modelo: Mira, filla! Desde o balcón podemos ver toda a vila. Alí está o parque no que xogamos onte pola tarde. Tamén se ve a praza coa fonte de auga ben fresquiña. Aquela é a casa de Xosé e aí está o hospital ao que temos que ir mañá para facer a revisión.

- 3 Escribe exemplos para estas definicións.

- As conxuncións copulativas expresan idea de suma. ► e, mais, nin, e mais.
- As conxuncións disxuntivas expresan idea de opción. ► ou, ben, ora.
- As conxuncións adversativas expresan idea de oposición. ► aínda que, agás que, porén, pero, senón.

- 4 Completa a conversa destes rapaces coas seguintes interxeccións.

Ala!

Ola

Claro!

Ei!

Ola, amigos!
Mirade o que traio!

Claro! Vino na biblioteca de debaixo da miña casa e collino para ti.

Ei! É o libro que levo tanto tempo querendo ler!

Ala! Que detalle máis bonito.


Nome: Data: Curso:

1 Escribe o nome destes debuxos no encrucillado.


a



b



c



d



2 Completa as oracións con palabras que conteñan g, gu ou gü.

- Enfiou a agulla cun fío branco para coser o vestido.
- Coloquei mal a lingüeta do zapato e mancoume na empeña.
- Para cear preparamos unhas peitugas de polo caseiras riquísimas.
- O guitarrista do grupo de música tocou un solo durante a actuación.

3 Escribe a palabra que corresponde a estas definicións.

Persoa que fala dúas linguas. Bilingüe

Réptil tropical cunha gran papada e unha crista dentada polo lombo.

Iguana

Persoa que se dedica a ensinar aos visitantes as cousas máis notables dun lugar.

Guía

Cada unha das unidades dun tren, movidas por unha locomotora.

Vagón

4 Forma palabras seguindo os modelos.

• egua ► egüña

• lingua ► lingüña

• ambiguo ► ambigüidade

• antigo ► antigüidade

- 1 Fíxate no debuxo e escribe un texto con tres preposicións, tres conxuncións e dúas interxeccións.



Resposta modelo.

Ola! Hoxe estamos aquí para animar os nosos equipos neste encontro galego entre o Obradoiro e o Ourense. Os xogadores e mais os xiareiros están moi nerviosos. Con todo, o ambiente é festivo e respectuoso. Veñ! Animemos os nosos equipos!

- 2 Elixe unha destas tarefas e elabora un plan de traballo. Resposta modelo.

Programa de radio escolar

Obradoiro de arxila

Despedida do profesor de Matemáticas

Despedida do profesor de Matemáticas

Tarefas	Persoas encargadas	Materiais	Días
Preparar un agasallo	Lola e Xoel	Fotografías e cartolina	Luns e martes
Facer un biscoito	Antón e Bieito	Os ingredientes	Xoves
Escribir unha carta	Sabela, Tomé e Carme	Papel e bolígrafo	Martes e mércores

- 3 Cal destas palabras é homónima homógrafa? Rodéaa e despois escribe as súas definicións.

ollo

basto

dado

vasto

Resposta modelo.

Dado¹: Pequeno cubo que ten as caras marcadas cun número diferente de puntos, do un ao seis, ou con distintas figuras, usado en certos xogos de azar.

Dado²: 1. Participio do verbo *dar*. 2. Que é propenso ou inclinado a algo. 3. Que é indicado claramente.

- 4 Inventa un cuarteto ou un terceto a partir do seguinte debuxo. Resposta modelo.



Que interesante o sistema solar.

os planetas pendurados no ceo

a miña imaxinación deixan voar.